

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5466 *Real decreto 423/2011, do 25 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, polo que se dispón a actualización mensual do censo electoral e se regulan os datos necesarios para a inscrición neste.*

A Lei orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, introduce determinadas reformas no sistema de actualización mensual do censo electoral.

O Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, polo que se dispón a actualización mensual do censo electoral e se regulan os datos necesarios para a inscrición neste, desenvolve o disposto nos artigos 34 a 37 da Lei orgánica 5/1985, na redacción dada pola Lei orgánica 3/1995, do 23 de marzo, nos seus artigos 1 a 3, que agora resulta necesario actualizar.

Por outro lado, o artigo 105 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, establece que todos os estranxeiros aos cales se expedise un visado ou unha autorización para permanecer en España por un período superior a seis meses teñen o dereito e a obriga de obter a tarxeta de identidade de estranxeiro, que deberán solicitar persoalmente no prazo dun mes desde a súa entrada en España ou desde que se conceda a correspondente autorización, respectivamente, e que a tarxeta de identidade de estranxeiro é o documento destinado a identificar o estranxeiro para os efectos de acreditar a súa situación legal en España. Ademais, no seu artigo 109.1, alínea g) establece que existirá na Dirección Xeral da Policía un Rexistro Central de Estranxeiros no cal se anotarán as autorizacións de residencia.

Ademais, o Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, establece no seu artigo 7.1, que os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen dereito a residir en territorio español por un período superior a tres meses e que os interesados estarán obrigados a solicitar persoalmente ante a oficina de estranxeiros da provincia onde pretendan permanecer ou fixar a súa residencia ou, na súa falta, ante a comisaría de policía correspondente, a súa inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros. Tamén establece que esa solicitude se deberá presentar no prazo de tres meses contados desde a data de entrada en España e que lle será expedido de forma inmediata un certificado de rexistro en que constará o nome, a nacionalidade e o domicilio da persoa rexistrada, o seu número de identidade de estranxeiro e a data de rexistro.

Por todo o anterior, actualízanse os números 3 e 4 do artigo 2 do Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, que regula os datos necesarios para a inscrición no censo electoral. En concreto, incorpórase o dato do número de identidade de estranxeiro para os residentes en España que sexan nacionais de Estados membros de países da Unión Europea ou doutros Estados con que exista un tratado ou acordo que recoñezan o voto nas eleccións municipais.

Ademais, dáse unha nova redacción ao artigo 3, sobre información procedente do Rexistro Civil, integrando nun só punto os dous vixentes e incorporando a remisión da información sobre os cambios de sexo e as declaracións de falecemento.

Finalmente, a Lei orgánica, 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, derogou os termos «activo e» do artigo 137 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, polo que procede suprimir o artigo 4 do Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, sobre a información referida a inhabilitados.

Este real decreto recibiu o informe favorable da Xunta Electoral Central na súa sesión do 27 de xaneiro de 2011.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Xustiza, do Interior e de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, polo que se dispón a actualización mensual do censo electoral e se regulan os datos necesarios para a inscrición neste».*

O Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, polo que se dispón a actualización mensual do censo electoral e se regulan os datos necesarios para a inscrición neste, queda modificado como segue:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 1 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A Oficina do Censo Electoral procederá a realizar a actualización do censo electoral con referencia ao día primeiro de cada mes, conforme establece o artigo 34 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

2. Para tal fin, os concellos remitirán mensualmente ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral a información das altas, baixas e modificacións dos datos dos residentes nos seus respectivos termos municipais, conforme establece o artigo 35 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.»

Dous. Os números 3 e 4 do artigo 2 quedan redactados do seguinte modo:

«3. Para os nacionais de Estados membros da Unión Europea residentes en España figurarán os datos expresados no número 1, con excepción do número do documento nacional de identidade, e, ademais, os seguintes:

- a) Número de identidade de estranxeiro.
- b) Nacionalidade.
- c) Entidade local ou circunscrición do Estado membro de orixe en cuxo censo electoral estivo inscrito en último lugar, con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo.

4. Para os nacionais doutros Estados residentes en España, cuxos respectivos países permitan o voto dos españois nas súas eleccións municipais nos termos dun tratado ou acordo en vigor, o censo electoral conterá os datos expresados no número 1, salvo o número do documento nacional de identidade, que se substitúe polo número de identidade de estranxeiro, e formarase de acordo co disposto no Real decreto 202/1995, do 10 de febreiro.»

Tres. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Información do Rexistro Civil.*

Os encargados do Rexistro Civil comunicarán mensualmente ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral calquera circunstancia que poida afectar as inscricións no censo electoral, en particular por:

- a) Defunción ou declaración de falecemento.
- b) Adquisición, recuperación ou perda da nacionalidade española.
- c) Cambio de nome ou de apelidos.

- d) Cambio de sexo.
- e) Declaración de modificación xudicial da capacidade en que se prive expresamente a persoa con capacidade modificada xudicialmente do dereito de sufraxio activo.»

Catro. Suprímese o artigo 4 do Real decreto 157/1996, do 2 de febreiro, «Información referida a inhabilitados».

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO